



Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN.

ATT. DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS.

FELIPE BALBOA FERNÁNDEZ, Sº de Organización de FeSP-UGT Galicia, con domicilio a efectos de comunicación en Santiago, na rúa Miguel Ferro Caaveiro 12, 1º, cp 15707 Santiago,

EXPÓN:

O Consello de Ministros, na reunión do día de hoxe aprobou o Real Decreto Lei polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito do ensino non universitario.

Entre as medidas que se adoptan figura no seu artigo 2 a exención temporal do requisito de formación pedagóxica e didáctica de posgrao, ou equivalente, para o nomeamento de funcionarios interinos nomeados con carácter excepcional para prazas necesarias para a atención docente orixinada pola pandemia da COVID 19.

O APARTADO 1 do Real Decreto fai referencia as tarefas que teñen que realizar as administracións educativas, como por exemplo determinar as necesidades de novas prazas docentes dos centros educativos que teñan que ser cubertas para cumprir as medidas aprobadas para responder á pandemia da COVID-19.

O APARTADO 2 fai mención a que se se esgotasen as listas de aspirantes con titulación de máster ou equivalente poderase nomear con carácter excepcional e vinculado á situación de PANDEMIA a aqueles titulados que carezan do requisito sinalado.

En Galicia, mediante RESOLUCIÓN do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, déuselle publicidade ao texto refundido do **Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Educación.**

O artigo 20º do citado acordo establece que se creará unha **comisión de seguimento** do acordo para facilitar o cumprimento e interpretación do mesmo. Unha comisión de seguimento formada por representantes da Administración e das **organizacións sindicais asinantes**, que se reunirá polo menos unha vez ao ano ou por petición de calquera das partes.

É evidente que a exención do requisito de máster ou equivalente ten un impacto no que é a configuración actual do sistema de conformación das listas. Tamén é evidente que as necesidades que teñen as distintas administracións educativas do Estado non son as mesmas, debido entre outras razóns á existencia dun ACORDO asinado por esta organización sindical que ordena o procedemento.

Por todo o sinalado, FeSP-UGT, como asinante do Acordo, **solicita a convocatoria da Comisión de Seguimento** para entre outras cuestións ter información do seguinte:

1. Dato numérico de **persoas por especialidade**, que están en listas e que xa foron nomeados e **cantos deles con cargo á situación extraordinaria de PANDEMIA.**
2. Dato numérico de persoas por especialidade, que aínda están en lista e polo tanto **aínda non foron nomeados.**

3. **Datos de persoas que se incorporarán en breve polas listas que se abriron previa a promulgación deste Real Decreto-Lei.**
4. Especialidades nas que poidan existir problemas para a cobertura de vacantes que se estean a producir ou se poidan producir nun futuro e que poidan verse afectadas por este Real Decreto-Lei

En Santiago, a 29 de setembro de 2020



Asdo.: FELIPE BALBOA FERNÁNDEZ

Sº DE ORGANIZACIÓN DE FeSP-UGT GALICIA